



Asplenium scolopendrium

 Cerviña

A **cerviña** (*Asplenium scolopendrium*) é unha especie de fento do xénero botánico *Asplenium*, da familia da *Aspleniaceae*. A especie aparece frecuentemente incluída no xénero *Phyllitis* coa designación de *Phyllitis scolopendrium* (L.) Newman .

En Galiza é común a subespecie *Asplenium scolopendrium* subsp. *scolopendrium* preto dos regos e nos lugares sombrizos.



FOTO : FLORAFINDER

Descrición e taxonomía

Fento con frondes longas, con até 50–60 cm de longo e 5–6 cm de largura, enteiras e sen lóbulos. O raque é de cor castaña escura, espesa, con brillo ceroso. Nervios ben marcados, especialmente na páxina inferior do limbo. Os soros son lineares, con 12–15 mm de lonxitude, localizados na páxina inferior da fronde, inserido paralelamente aos nervios na parte distal, mais sen se aproximaren á marxe da fronde.

A especie clasifícase no xénero *Asplenium*, mais por ter frondes enteiras é por veces inserido no xénero *Phyllitis*. Aínda así, é un fento facilmente identificábel, pois as súas frondes non están divididas e subdivididas en segmentos, como ocorre na case totalidade das especies deste tipo. O rizoma é alargado, recuberto de páleas de cor castaña.

Nome galego

A cerviña (en portugués *língua cervina*) recibe outro nomes en galego coma: lingua cerviña, cervún, herba cervúa, lingua de cervo; e tamén *lingua de boi* e *herba dos escaldados* .

Distribución

Cerviña



Estado de conservación

G4

Clasificación científica

Reino:	<u>Plantae</u>
División:	<u>Pteridophyta</u>
Clase:	<u>Polypodiopsida</u>
Orde:	<u>Polypodiales</u>
(sen clasif.):	<u>Eupolypods II</u>
Familia:	<u>Aspleniaceae</u>
Xénero:	<u>Asplenium</u>
Especie:	<i>A. scolopendrium</i>

Nome binomial

'*Asplenium scolopendrium*'

L.

Sinonimia

Phyllitis scolopendrium



Especie con distribución na Macaronesia e suroeste de Europa. Presente en todas as illas dos Azores, aínda que a raro na illa do Corvo . É común en toda Galiza.

Hábitat

A cerviña é unha especie das áreas con elevada humidade atmosférica, preferindo hábitats sombrizos e abeirados, onde a humidade relativa do ar se aproxime frecuentemente á saturación. Medra en xeral por riba dos 400 m de altitude (mais alto nas rexións con clima mediterráneo mais marcado, menos en rexións de clima atlántico, como Galiza), en cavorcos ou en bosques densos. Cando a humidade do ar é suficientemente elevada, presenta comportamento epilítico, medrando en fisuras de de rochas, en especial nas fendas sombrizas das escoadas lava.

A dependencia en relación aos lugares sombrizos tornan a especie vulnerábel á deforestación, mais permite a súa sobrevivencia en asociación con especies invasoras, entre as cales está o pitósporo Pittosporum undulatum. O tamaño das súas frondes e a preferencia por hábitats hiperhúmidos leva a que sexa frecuente a presenza de hepáticas epífilas sobre as plantas.



Soros con esporas.

As poboacións de *A. scolopendrium* son polo xeral pouco numerosas e espalladas, aparecendo en xeral asociadas ás formacións máis densas da laurisilva ou das fragas higrófilas. É común a asociación da especie co pteridófito *Trichomanes speciosum* (o fento frisado) e con diversos briófitos .

En Galiza medra dende o nivel do mar en noiros húmidos, lamazais e ribeiras, moitas veces en vales fondos ou cavorcos asociado a poboacións de loureiros; condicións semellantes ás laurisilvas.

Usos

En infusión, é utilizada contra a diarrea e para reducir as inflamacións intestinais. En gargarexos é útil contra as inflamacións da boca e da gorxa.

Galería de imaxes









Hábitat e hábito.



Un cultivar con frondes onduladas.



Un espécime nun muro.



A variedade norteamericana.



Ilustración científica da cerviña (*Asplenium scolopendrium*).

Os fentos, feitos, feitos ou felgos son plantas vasculares agrupadas na división Pteridophyta.

O grupo fórmano unhas 12.000 especies de plantas que, coma os musgos, teñen xilema e floema (sendo logo consideradas plantas vasculares). Teñen talos, follas e raíces como as outras plantas vasculares.

A diferenza é que non teñen flores nin producen semente, ao se reproduciren por esporas. Están formados por un rizoma carnoso e follas grandes ás veces moi divididas: as frondes.

O grupo de fentos máis amplo con diferenza é Polypodiopsida, pero os fentos como aquí se definen (chamados tamén monilofitos) inclúen as xestelas (xénero *Equisetum*), o xénero *Psilotum*, a familia das maratiáceas, e a das ofioglosáceas. O termo pteridophyte tamén se refire a outras plantas vasculares que non son en si "fentos" (ver clasificación na sección de abaixo).

Os fentos aparecen en rexistros fósiles de hai 360 millóns de anos, no Carbonífero, porén moitas das familias e especies que hoxe en día existen non apareceron até hai aproximadamente 145 millóns de anos, ao comezo do Cretáceo (despois de que as plantas con flores comezaran a dominar o ambiente).

Os fentos non teñen moita importancia económica, aínda que algúns son comestíbeis, poden ser usados como ornamentais, para restauración de solos contaminados ou incluso para limpar o ar pola súa capacidade de retirar contaminates químicos do ar. Algúns considéranse herbas daniñas. Xogan tamén un papel importante na mitoloxía, na medicina e na arte.

O máis estendido dos fentos é o fento común (*Pteridium aquilinum*), moi abundoso en Galicia, por exemplo nas carballeiras onde forman estensas superficies. Emprégase como estrume. Segundo a área xeográfica recibe diferentes nomes: feito, fieito, felgo, felga, fenta, fieita, folgueiro, folgueira, fulgueiro, fulgueira, folgueirón, cento, fiento, ciento, faínto, feínto, fuento, fenta, afeto, foletto, foleito, fuleto, fuleiro e felecho.

